

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

**12108** *Real decreto 842/2011, do 17 de xuño, polo que se establece a normativa básica das agrupacións de defensa sanitaria gandeira e se crea e se regula o seu rexistro nacional.*

Ao ser a sanidade un factor determinante na rendibilidade das explotacións gandeiras, resulta decisivo, tal e como se demostrou na práctica, que os gandeiros actúen de maneira coordinada e sexan protagonistas da defensa dos seus propios intereses.

A mellora da calidade sanitaria, a axilidade comercial e a rendibilidade das producións gandeiras requiren un alto nivel sanitario que só se pode lograr mediante a colaboración do sector, tanto na loita e erradicación de enfermidades como no mantemento de estruturas defensivas ante o risco de aparición e difusión das exóticas.

A experiencia positiva adquirida polas comunidades autónomas na aplicación do Real decreto 1880/1996, do 2 de agosto, polo que se regulan as agrupacións de defensa sanitaria gandeira, xunto coa demostrada eficacia da colaboración do sector gandeiro coa Administración na prevención, control, loita ou erradicación das enfermidades dos animais de produción, fai necesario actualizar a súa ordenación e regulación. Neste sentido, débese reforzar a colaboración activa na organización, control e execución das medidas sanitarias ditadas en caso de alerta ou crise sanitaria.

Por outra banda, a Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, establece no capítulo II do seu título III as normas básicas para a autorización das ditas agrupacións, prevé a existencia dun rexistro nacional, e nestes momentos é preciso desenvolver regulamentariamente a dita regulación. Concorren neste caso razóns de sanidade animal que fan imprescindible a autorización previa por parte da Administración, dada a importancia que ten para a sanidade do gando a verificación previa da aptitude zoonosanitaria dunha agrupación de defensa sanitaria gandeira, que é un elemento importantísimo na execución das actuacións sanitarias e colaborador habitual da Administración nos programas oficiais de prevención, loita, control ou erradicación das enfermidades dos animais. Adicionalmente, dentro do dito marco, é de grande importancia que o programa sanitario se aprobe de forma conxunta, co fin de verificar a súa idoneidade sanitaria e que non interfere nos programas antes citados.

Dado o carácter marcadamente técnico desta regulación, considérase axustado a súa adopción mediante real decreto.

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril.

A Axencia Española de Protección de Datos emitiu informe preceptivo sobre esta disposición. Así mesmo, na súa elaboración foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa da daquela ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de xuño de 2011,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto:

- a) Establecer a normativa básica das agrupacións de defensa sanitaria gandeira, en diante ADSG.
  - b) Crear e regular o seu rexistro nacional.
2. Este real decreto só será de aplicación ás ADSG dos animais de produción.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto, serán de aplicación as definicións do artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e do artigo 2 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.

2. Así mesmo, entenderase como crise sanitaria: a confirmación da aparición dunha enfermidade incluída no anexo do Real decreto 617/2007, do 16 de maio, polo que se establece a lista das enfermidades dos animais de declaración obrigatoria e se regula a súa notificación, non presente nese momento en España, ou a ampla difusión dunha enfermidade de tales características.

Artigo 3. *Requisitos para o recoñecemento de ADSG.*

1. As ADSG deberán, para ser recoñecidas, cumprir os seguintes requisitos mínimos:
  - a) Ter personalidade xurídica propia.
  - b) Integrar, no ámbito territorial de, polo menos, unha comarca veterinaria ou unha illa, unha porcentaxe mínima, que será determinada pola autoridade competente, das explotacións rexistradas, de acordo co Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, e o seguinte censo gandeiro mínimo no dito ámbito:
    - 1.º O 40 por cento para a especie de que se trate, salvo no caso da apicultura.
    - 2.º No caso de ADSG que pretendan agrupar máis dunha especie, o 40 por cento do sumatorio do conxunto de animais de todas as especies de que se trate.No entanto, a autoridade competente poderá establecer un ámbito territorial ou un censo gandeiro diferente, en función do sistema produtivo, do tamaño das explotacións ou das peculiaridades existentes nunha zona determinada.

En todo caso, o ámbito territorial dunha ADSG non poderá superar o territorio dunha comunidade autónoma e a autoridade competente non poderá establecer unha porcentaxe de explotacións ou censo gandeiro superior ao 49 por cento.
  - c) Estar baixo a dirección técnica de, polo menos, un veterinario, sen que sexa necesario que preste os seus servizos en condicións de exclusividade, salvo decisión en contrario da autoridade competente en función do número de explotacións e gando.
  - d) Ter uns estatutos de funcionamento en que conste:
    - 1.º A denominación da agrupación.
    - 2.º O seu domicilio social e o ámbito territorial.
    - 3.º Os órganos de representación, goberno e administración.
    - 4.º O dereito a integrarse nela de todos os gandeiros que o desexen.
    - 5.º A regulación do funcionamento interior de acordo coa normativa aplicable.
  - e) Comprometerse a colaborar coas autoridades competentes e cumprir as obrigas do artigo 6.
  - f) Presentar o correspondente programa sanitario común, que deberá ser aprobado pola autoridade competente.
2. O veterinario encargado da dirección técnica das actuacións sanitarias realizará, polo menos, as seguintes actuacións:
  - a) Control do deseño e supervisión do programa sanitario común.
  - b) Supervisión da identificación animal de todo o gando integrado na ADSG, de acordo co establecido para o efecto na normativa vixente.

- c) Supervisión dos rexistros das explotacións integradas.
- d) Cumprimento das obrigas que, en materia de tratamentos aos animais das explotacións con medicamentos veterinarios, se establecen no Real decreto 109/1995, do 27 de xaneiro, sobre medicamentos veterinarios, así como no Real decreto 1749/1998, do 31 de xullo, polo que se establecen as medidas de control aplicables a determinadas substancias e os seus residuos nos animais vivos e os seus produtos, respecto dos medicamentos que prescriba ou administre.
- e) Colaboración nos controis sanitarios relativos ao movemento pecuario ou calquera outra actuación que requiran os servizos veterinarios oficiais de sanidade animal das comunidades autónomas.
- f) Colaboración coas autoridades competentes de sanidade animal das comunidades autónomas na Rede de Epizootiovixilancia Nacional.
- g) Supervisión da correcta aplicación das guías ou códigos de boas prácticas de bioseguridade nas explotacións integradas na ADSG e, de ser o caso, elaboración delas.
- h) Asesoramento aos titulares das explotacións integrantes en materia de pensos, sanidade animal e benestar animal.
- i) Actuación como veterinario autorizado ou habilitado baixo a supervisión da autoridade competente cando esta así o designe.

#### Artigo 4. *Recoñecemento de ADSG.*

1. O recoñecemento de cada ADSG corresponde á autoridade competente en cuxo territorio radique o seu domicilio social; para este efecto deberán facilitar, polo menos, os datos que figuran no anexo I e acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos no artigo 3.

Os datos e a documentación poderanse presentar de forma electrónica.

2. As autoridades competentes procederán a asignar, a cada agrupación recoñecida, un código alfanumérico que garanta a súa identificación de forma única. A estrutura do dito código será a seguinte:

- a) As siglas ES.
- b) Dous caracteres, que identificarán a comunidade autónoma ou a cidade de Ceuta ou Melilla.
- c) Seis caracteres, que identificarán a agrupación dentro de cada comunidade autónoma ou cidade de Ceuta ou Melilla.

3. As autoridades competentes inscribirán nun rexistro as agrupacións recoñecidas, polo menos cos datos que figuran no anexo II. Os ditos rexistros estarán informatizados e o seu sistema de xestión permitirá, en todo caso, que as altas, baixas, modificacións, suspensións ou extincións que neles se realicen teñan o seu reflexo inmediato no Rexistro Nacional do artigo 5.

#### Artigo 5. *Rexistro Nacional de Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeira.*

1. Créase o Rexistro Nacional de Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeira, en diante RADSG, adscrito á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, que se nutrirá da información e rexistros previstos no artigo 4.3, e dos datos de cada explotación integrante da agrupación que consten no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras; para este efecto establecerase a oportuna conexión entre ambos.

2. O Rexistro Nacional constituirase nunha base de datos informatizada, de carácter informativo, sen prexuízo dos límites que legalmente correspondan para a protección de datos de carácter persoal. A ela terán acceso todas as autoridades competentes nesta materia.

#### Artigo 6. *Deber de colaboración das ADSG coa Administración.*

1. As ADSG, tras o seu recoñecemento, quedan obrigadas a colaborar activamente coas autoridades competentes de sanidade animal na organización, seguimento e

execución das medidas sanitarias para a prevención, control, loita ou erradicación das enfermidades previstas no Real decreto 617/2007, do 16 de maio, nos termos e cos límites que as ditas autoridades establezan, así como a realizar entre os seus asociados as campañas de divulgación que se establezan e a comunicar á autoridade competente os datos e información sanitarios que se lles soliciten respecto das explotacións integradas nelas.

Especificamente, deberán colaborar coas autoridades competentes en toda actuación sanitaria que se lles solicite en caso de crise ou alerta sanitaria de acordo co previsto no Real decreto 1440/2001, do 21 de decembro, polo que se establece o sistema de alerta sanitaria veterinaria, en especial á hora de aplicar tratamentos ou vacinacións obrigatorios.

2. As comunidades autónomas comunicarán ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, antes de cada 31 de xaneiro, as variacións que se puidesen producir durante o ano anterior nos datos contidos nos seus arquivos de AD SG recoñecidas, con obxecto de actualizar a información do Rexistro Nacional.

3. As agrupacións recoñecidas deberán comunicar á autoridade competente os cambios nos datos consignados nos rexistros a que se refire o artigo 4.3, no prazo máximo dun mes desde que se produzan, sen prexuízo dos prazos establecidos por disposicións específicas. Os ditos datos poderanse comunicar de forma telemática.

#### Artigo 7. *Extinción do recoñecemento de AD SG.*

A extinción do recoñecemento poderase acordar por instancia do interesado. Así mesmo, o incumprimento das condicións determinantes do recoñecemento das AD SG ou do programa sanitario aprobado poderá dar lugar á extinción do seu recoñecemento, en expediente tramitado conforme a normativa de procedemento aplicable, con audiencia da interesada.

#### Artigo 8. *Réxime sancionador aplicable.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra índole que poidan concorrer.

#### Disposición adicional única. *Creación de ficheiro de datos de AD SG.*

Créase no Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño o ficheiro de datos de agrupacións de defensa sanitaria gandeira, derivado do RAD SG, co contido previsto no artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, que se detalla no anexo III.

#### Disposición transitoria única. *Prazos de adecuación das AD SG xa autorizadas.*

1. As AD SG que estean autorizadas no momento da entrada en vigor deste real decreto disporán dun prazo máximo de seis meses para lles comunicaren ás autoridades competentes os datos que se relacionan no anexo I deste real decreto sempre que non os comunicasen con anterioridade ou sufrisen algunha modificación, co fin de transferilos ao RAD SG. A dita comunicación poderase efectuar por medios telemáticos. Se, transcorrido o dito prazo, non se transferisen os citados datos ao dito rexistro, procederase á baixa automática da agrupación no Rexistro Nacional.

2. Así mesmo, as AD SG que estean autorizadas no momento da entrada en vigor deste real decreto disporán dun prazo máximo de seis meses para a súa adaptación aos requisitos previstos neste real decreto. Se, transcorrido ese prazo, non se procedeu á dita adaptación, a autoridade competente poderá declarar extinguido o seu recoñecemento.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1880/1996, do 2 de agosto, polo que se regulan as agrupacións de defensa sanitaria gandeiras.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de xuño de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,  
e Medio Rural e Mariño  
ROSA AGUILAR RIVERO

## ANEXO I

### Datos mínimos que se facilitarán ás autoridades competentes

1. Datos da agrupación:
  - a) Denominación.
  - b) CIF.
  - c) Sede social: enderezo (municipio, provincia e comunidade autónoma ou cidade de Ceuta ou Melilla) e código postal.
  - d) Se é o caso, teléfono, fax e correo electrónico.
  - e) Ámbito territorial da agrupación.
  - f) Identificación do representante legal da agrupación.
2. Datos do veterinario da agrupación:
  - a) Identificación (nome, apelidos e CIF). No caso de ser unha persoa xurídica, denominación social e CIF dela, e identificación do veterinario (persoa física), director técnico da agrupación (nome, apelidos e NIF).
  - b) Elemento de contacto (teléfono, fixo e móbil, correo electrónico, etc.). No caso de ser unha persoa xurídica, medio de contacto do veterinario (persoa física), director técnico da agrupación e do resto dos veterinarios.
3. Datos das explotacións integrantes da agrupación:
  - a) Número de gandeiros que integran a agrupación.
  - b) Código identificativo no REGA das explotacións que integran a agrupación.
  - c) Censo de animais que constitúen o efectivo gandeiro da agrupación, diferenciados por especies.

## ANEXO II

### Datos do rexistro

1. Código de identificación da ADSG.
2. Data de resolución ou alta.
3. Denominación da ADSG.
4. CIF.
5. Sede social: enderezo (municipio, provincia e comunidade autónoma ou cidade de Ceuta ou Melilla) e código postal.
6. De ser o caso, teléfono, fixo e móbil, fax e correo electrónico.
7. Número de gandeiros que integran a agrupación.

8. Censo de animais que constitúen o efectivo gandeiro da agrupación, diferenciados por especies.
9. Código identificativo no REGA das explotacións que integran a agrupación.
10. Ámbito territorial da agrupación.
11. Identificación do representante legal da agrupación.
12. Identificación do servizo veterinario da agrupación:
  - a) Identificación (nome, apelidos e CIF). No caso de ser unha persoa xurídica, denominación social e CIF, e identificación do veterinario (persoa física), director técnico da agrupación (nome, apelidos e NIF).
  - b) Elemento de contacto (teléfono, fixo e móbil, correo electrónico, etc.). No caso de ser unha persoa xurídica, medio de contacto do veterinario (persoa física), director técnico da agrupación e do resto de veterinarios.

## ANEXO III

### Creación do ficheiro de datos de AD SG

1. Unidade responsable da declaración e rexistro do ficheiro: Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros.
2. Finalidade e usos: rexistro das agrupacións de defensa sanitaria gandeira recoñecidas polas autoridades competentes. Este rexistro permite dispor de datos das agrupacións existentes, en especial o gando e explotacións integradas.
3. Persoas e colectivos afectados: todo representante legal ou veterinario das agrupacións.
4. Procedementos de recollida de datos: os datos serán comunicados ao rexistro polas autoridades competentes ante as cales os interesados facilitaron os datos.
5. Estrutura básica dos ficheiros e descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos neles: os previstos nos anexos I e II. O sistema de tratamento será automatizado.
6. Cesiós de datos de carácter persoal e transferencias internacionais de datos: ás autoridades competentes no ámbito das AD SG, ás forzas e corpos de seguridade e á Comisión Europea.
7. Órgano responsable: Subdirección Xeral de Sanidade da Produción Primaria. Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros.
8. Órgano ante o cal se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación: Subdirección Xeral de Sanidade da Produción Primaria. Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros.
9. Medidas de seguridade con indicación do nivel exixible: nivel básico.